



DATOS IDENTIFICATIVOS

Didáctica da expresión plástica e visual

Materia	Didáctica da expresión plástica e visual			
Código	P02G110V01502			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Martínez López de Castro, Rut Paz García, Maria Begoña Ezquieta Llamas, Iciar			
Profesorado	Ezquieta Llamas, Iciar Martínez López de Castro, Rut Paz García, Maria Begoña			
Correo-e	begpaz@gmail.com riadepontevedra@hotmail.com rutmlc@hotmail.com			
Web				

Descrición xeral	A finalidade primeira da "didáctica da expresión plástica e visual" é proporcionar aos alumnos unha formación artística e didáctica de calidade. Tanto no que se refire á capacidade de formalizar e interpretar producións de arte nos seus diversos ámbitos e territorios, como concepto ampliado, como no que se refire á capacidade de reelaborar os mencionados contidos para facilitar a formación dos nenos (de 3 a 6 anos). A tarefa é construír un sustrato de coñecemento teórico necesario, combinado cunha serie de destrezas e habilidades formais que armen ao alumno dunha capacidade crítica e creativa que lle permita desenrolar ferramentas de aprendizaxe, valoración e coñecemento coas que traballar no campo da educación infantil. Traballaremos no taller con rutinas procedimentais e elaboracións técnicas simultaneamente ao estudo de contidos xerais da historia da arte. Estas tarefas máis CONVENCIONAIS convivirán coa análise e o traballo dentro dos novos espazos da arte e as novas ferramentas visuais, audiovisuais e tecnolóxicas nas que abordaremos posibilidades de traballo máis vinculadas a linguaxes actuais cercanos e intuitivos para os rapaces cos que os nosos alumnos terán que traballar. Plantexaremos estratexias de traballo colaborativo combinadas con propostas individuais dentro de estruturas de traballo por proxectos que vehicularán o transcorrer do cuadrimestre. As rutinas habituais do noso traballo durante o curso académico alternarán a produción práctica coa reflexión teórica, o traballo de campo e as propostas de ferramentas didácticas específicas.
------------------	---

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da Educación Infantil
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia.

B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes
C1	Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
C2	Coñecer os desenvolvementos da psicología evolutiva da infancia nos períodos 0-3 e 3-6.
C4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
C5	Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a imitación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico
C7	Identificar dificultades de aprendizaxe, disfuncións cognitivas e as relacionadas coa atención.
C9	Adquirir recursos para favorecer a integración educativa de estudantes con dificultades.
C12	Promover e colaborar en accións dentro e fóra da escola, organizadas por familias, concellos e outras institucións con incidencia na formación cidadá.
C23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e a mellóraa en educación infantil.
C25	Abordar análise de campo mediante metodoloxía observacional utilizando tecnoloxías da información, documentación e audiovisuais.
C29	Valorar a importancia do traballo en equipo
C34	Coñecer estratexias didácticas para desenvolver representacións numéricas e nocións espaciais, geométricas e de desenvolvemento lóxico.
C41	Fomentar experiencias de iniciación ás tecnoloxías da información e a comunicación.
C53	Coñecer os fundamentos musicais, plásticos e de expresión corporal do currículo desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
C55	Saber utilizar o xogo como recurso didáctico, así como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas en principios lúdicos.
C56	Elaborar propostas didácticas que fomenten a percepción e expresión musicais, as habilidades motrices, o debuxo e a creatividade.
C57	Analizar as linguaxes audiovisuais e as súas implicacións educativas.
C58	Promover a sensibilidade relativa á expresión plástica e á creación artística.
C59	Adquirir un coñecemento práctico do aula e da xestión da mesma.
C60	Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación no aula, así como dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
C61	Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e, en particular, de ensino e aprendizaxe mediante o dominio de técnicas e estratexias necesarias.
C62	Relacionar teoría e práctica coa realidade do aula e do centro.
C63	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica.
C65	Regular os procesos de interacción e comunicación en grupos de estudantes de 0-3 anos e de 3-6 anos.
C66	Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e da contorna social.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D5	Coñecemento de informática
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Creatividade
D19	Coñecemento doutras culturas e costumes
D20	Iniciativa e espírito emprendedor
D21	Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer as características psicoevolutivas e formais da linguaxe plástica infantil así como os aspectos fundamentais da súa sintaxe e semántica. Saber concretar e transmitir todas as características da linguaxe plástica e estimular a aprendizaxe mediante metodoloxías didácticas adecuadas.	A2	B1	C1	D5
	A4	B11	C2	D8
	A5		C4	D13
			C7	D15
			C9	D16
			C58	D21
			C59	
			C61	
			C62	

Ser capaces de identificar recursos e metodoloxías propios das artes plásticas. Saber recoñecer os distintos métodos e medios adecuados a cada técnica para unha expresión plástica favorable así como utilizar os distintos recursos procedimentais e conceptuais idóneos para a execución da obra na súa dimensión compositiva e estética.	A2		C5 C9 C34 C53 C55 C56 C57 C58 C63	D1 D2 D5 D7 D8 D9 D11 D13 D17 D21
Poder valorar os fundamentos e ámbitos de actuación das distintas formas de expresión artística, así como o patrimonio artístico.	B2		C41 C53 C56 C58	D8 D12 D13 D15 D16 D19 D21
Facilitar a representación e a expresión a través das linguaxes plásticas, visuais e audiovisuais profundizando nos novos medios e estratexias plásticas para transmitir os coñecementos e propor espazos e modos expresivos que sirvan ao alumno/a como ferramenta de linguaxe e espazo de construción plástica.	B2		C34 C41 C53 C55 C56 C57 C58 C62	D1 D2 D7 D8 D9 D13 D17
Ser capaces de mellorar a capacidade de comprender, ler, visionar crear e producir dentro das linguaxes artístico visuais e plásticas promovendo metodoloxías para facer que a apreciación estética sexa máis alcanzable para o alumnado.	A4	B11	C5 C7 C9 C23 C25 C29 C41 C53 C55 C56 C57 C58 C61	D1 D2 D5 D7 D8 D12 D13 D16 D17 D21
Ser capaz de producir imaxes e propostas obxectuais en dúas e tres dimensións, ben estruturadas, conceptualmente acotadas, con calidade compositiva e detalladas sobre temas e proxectos no ámbito dos coñecementos típicos e característicos da área Artística Visual.	A2 A3		C5 C53 C55 C56 C58 C63	D1 D5 D7 D8 D13 D17 D19 D20 D21
Coñecer e avaliar o currículo escolar das Didácticas da Expresión Artística	A5	B1 B7	C1 C2 C4 C7	D1 D2 D8 D9 D11 D13
Adquirir e consolidar hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma, creativa e cooperativa e promovelos no estudantado desde a participación e o esforzo individual.	B11		C5 C7 C9 C12 C29 C60 C61 C65 C66	D1 D9 D11 D15 D19
Ter dominio e comprender adecuadamente toda a densidade e complexidade das imaxes e producións visuais; as obras de arte, os símbolos e sinais visuais, a publicidade e os medios de comunicación de masa. Os obxectos, as pezas, construcións e edificios que constitúen a cultura material e conceptual antiga e contemporánea.			C5 C23 C58	D1 D13 D19

Contidos	
Tema	
Desenvolvemento curricular e artes plásticas na educación infantil	Perspectivas dende onde abordar a didáctica da plástica A Área de Expresión Plástica. Obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación O/a docente Evolución histórica do concepto arte
O concepto de "arte ampliado" como base da educación e a conciencia no territorio da plástica	A arte a partir dos anos 60: pop, arte conceptual, minimal, land art, arte de acción, arte procesual, body arte, performance, arte sonoro... O novo papel do/a espectador/a O cuestionamento da durabilidade A artistización do cotiá, cuestionamento aurático
Elementos básicos da linguaxe plástica I e II	Linguaxe e comunicación visual Lectura de imaxes Punto, liña, plano Cor, textura, composición e volume
A linguaxe plástica infantil: desenvolvemento perceptivo e características psicoevolutivas	Características e evolución da linguaxe plástica infantil
O concepto creatividade	Mitos sobre a creatividade Definición de creatividade O papel da imaxinación na creación Pensamento converxente vs. pensamento diverxente Teoría das intelixencias múltiples de Gardner
Traballo por proxectos e traballo colaborativo no contexto da plástica: linguaxes artísticas e metodoloxías docentes na educación baseada en artes	Planificación de contidos Elaboración de propostas puntuais e resolución de exercicios Procesos de debuxo e elaboración grafomotriz Plantexamentos e organización conceptual de contidos A materialización final Presentación e avaliación de proxectos

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	26	0	26
Resolución de problemas de forma autónoma	13	36	49
Lección maxistral	15	30	45
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Traballo tutelado	Planificación e elaboración de traballo por proxectos Planificación e elaboración de materiais e recursos didácticos específicos (plástica) para a Educación Infantil.
Resolución de problemas de forma autónoma	Execución técnica adecuada de procedementos e experimentacións de carácter artístico, plástico e visual específico. Resolución de tarefas puntuais de carácter conceptual ou procedimental
Lección maxistral	Valoración de plantexamentos curriculares en E. Infantil. Interpretación e valoración de obras artísticas. Soporte conceptual da linguaxe e recursos específicos da expresión plástica e visual.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Nas sesións maxistras introducíranse os contidos teóricos básicos para o correcto desempeño das clases e os proxectos. A documentación que se presente e sexa necesario revisar estará colgada na plataforma FAITIC
Traballo tutelado	Farase seguimento en grupo e persoalmente con cada alumno da evolución do traballo por proxectos e as tarefas procedimentais persoais, tanto no horario de docencia presencial como de xeito complementario nas titorías cos alumnos/as que así o precisen ou requiran.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Traballo tutelado	O traballo por proxectos como ferramenta metodolóxica; Entregas parciais Resolucións e obxectualizacións finais. Propostas rematadas. valoración obxectual e conceptual. Presentación de proxectos e materiais didácticos en público	55	A3 A4	B1 B11	C1 C4 C25 C29 C53 C56 C57 C58 C59 C62 C63	D1 D2 D7 D9 D13 D15 D16 D17 D20 D21
Resolución de problemas de forma autónoma	Execución técnica adecuada de procedementos e experimentacións de carácter artístico, plástico e visual específico.	20			C23 C34 C41 C56 C58	D1 D15 D17 D21
Lección maxistral	Interpretación, valoración e recoñecemento de obras artísticas. Soporte conceptual da linguaxe e recursos específicos da expresión plástica e visual. Participación activa nas sesións teóricas.	25	A2 A3 A4	B11	C5 C23 C58 C60 C61 C62 C63	D1 D8 D11 D13 D15 D17 D21

Outros comentarios sobre a Avaliación

As datas de exames se poden consultar na web da facultade no apartado de organización académica <http://fcced.uvigo.es/gl/docencia/exames>

A asistencia puntual e regular a clase e necesaria para o correcto desenvolvemento do curso

No caso das SESIÓN MAXISTRAIS (25%) o seu seguimento é imprescindible para o asentamento conceptual dos contidos teóricos. Valorarase ata con dous puntos en función da asistencia activa e participativa nas sesións e a resolución puntual de exercicios que se plantexarán no transcurso das clases.

RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS OU EXERCICIOS (20%) recolle a necesidade de adquirir habilidades técnicas e procedimentais relacionadas coa produción plástica bi e tridimensional.

A realización de TRABALLOS TUTELADOS (55%) recolle o plantexamento da execución de traballo por proxectos, na que se valorarán as entregas pautadas parciais e a entrega final que se presentará ao resto dos alumnos. Valorarase deste ítem o produto final plástico presentado, a posta en escea e a correcta argumentación de contidos expostos.

Para poder facer a presentación final do traballo tutelado é IMPRESCINDIBLE a entrega de polo menos o 75% das entregas parciais en tempo e forma.

Para superar a materia será necesario obter unha media de 5 calculando as porcentaxes detalladas en cada un dos bloques de avaliación. É imprescindible ter un 4 como nota mínima en cada un dos bloques para que se proceda a calcular a nota media.

De non ter superada a materia en primeira convocatoria, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de Xullo

SEGUNDA CONVOCATORIA

Os/as alumnos/as que non tiveran asistido durante o curso académico ordinario deberán porse en contacto coas responsables da

materia, para que se lles indique o detalle dos materiais a entregar para superar a materia. Haberá unha proba escrita de contidos mínimos teóricos obrigatoria.

No caso de alumnos/as que asistan regularmente a clase e presenten as entregas parciais puntualmente e en forma e aínda así non logren superar a materia deberán, para esta segunda convocatoria, repetir só aquelas entregas nas que non alcanzasen a nota mínima de 5. Conservaráselles o resto das notas obtidas nos exercicios aprobados e acharase a media correspondente en función dos criterios xa comentados.

As datas de exames se poden consultar na web da facultade no apartado de organización académica <http://fcced.uvigo.es/gl/docencia/exames>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Arheim Rudolf, **Arte y percepción visual**, 2ª ed., Alianza forma, 2002

Belloq Chislaine el Gil Díaz María, **Tocar el arte. Educación Plástica en Infantil y Primaria**, 1ª ed., Kaleida Forma, 2010

LOWENFELD, V., **Desarrollo de la capacidad creadora**, 2ª ed, Kapelusz, 1980

Machon Antonio, **Los dibujos de los niños: génesis y naturaleza de la representación gráfica. Un estudio evolutivo.**, 1ª ed, Cátedra, 2009

Guasch, Ana María, **El arte último del siglo XX**, 1ª ed, Alianza, 2000

Bibliografía Complementaria

Eisner, Elliot W., **Educación la visión Artística**, 1ª ed, Paidós, 1995

Foster, Hal; Krauss, Rosalind; Yve Alain; Boris H.D. Buchloh, Benjamin, **Arte desde 1900:modernidad, antimodernidad, posmodernidad.**, Akal, 2006

GARDNER, Howard, **Educación artística y desarrollo humano**, 1ª ed, Paidós, 1994

Maier, M., **Materias y técnicas de Arte**, 2ª ed, Blume, 2005

Morante F., **""Análisis y evaluación de la obra de arte""**, Edinumen,

Wilson, Brent, **La enseñanza del dibujo a partir del Arte**, Paidós, 2004

Klein, j y Klein, S, **Arte Contemporáneo? Guía para niños**, 1ª ed, Nerea, 2012

Vgostkii, **La imaginación y el arte en la infancia**, 2ª ed, Akal, 1990

VV.AA, **El Arte Contemporáneo en la educación artística**, 1ª ed, Ereida, 2008

Jenny, P, **Técnicas de dibujo**, 1ª ed, Gustavo Gili, 2013

VV.AA, **Figuras, formas y colores**, 1ª ed, Graó, 2003

Caja,J (coord), **La educación visual y plástica hoy**, 1ª ed, Graó, 2002

Belloq, G;Gil Díaz, M, **Tocar el arte**, 1ª ed, Kaleida, 2010

Jenny , P, **La mirada creativa**, 1ª ed, GG, 2013

Marín, R (coord), **Didáctica de la Educación artística**, 1ª ed, Pearson, 2003

Berger, John, **Modos de ver**, 3ª ed, Gustavo Gili, 2016

Marchán Fiz, Simón, **Del Arte Objetual al arte de concepto:1960-1974**, 2ª ed, Akal, 2012

Aguirre, I., **teorías y práctica en educación artística**, 1ª ed, Octaedro, 2007

Recomendaciones

Materias que continúan o temario

Obradoiro de creatividade artística/P02G110V01906

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación infantil/P02G110V01103

Outros comentarios

A asistencia puntual e continuada ás clases é condición indispensable para superar a materia dadoo seu caracter eminentemente procedimental e a forte carga de contidos, imprescindibles para o desenvolvemento das prácticas, que se envorcan nas clases maxistrais.
